

C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

Regulamento do Mercado Municipal de Abastos

(Aprobado definitivamente polo Concello Pleno, en sesión extraordinaria de data 23 de febreiro de 1983, coas modificacións aprobadas definitivamente en Pleno de data 6 de setembro de 1993).

REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

CAPITULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 11.- O presente Regulamento rexerá en tódolos mercados pechados existentes na actualidade e nos que no sucesivo se constrúan ou instalen polo Concello, ata tanto non se derroque ou modifique.

Artigo 21.- É obxecto deste Regulamento a **regulación** da adxudicación de postos e establecementos de réxime interior do Mercado Municipal existente **ou os que poidan crearse no futuro.**

Artigo 31.- O obxecto da concesión será en cada caso a utilización de cada un dos postos, para a finalidade que respectivamente se lle **asigne** e cos límites e contido que se fixan nas cláusulas da concesión e neste Regulamento.

CAPÍTULO II

ÓRGANOS RECTORES E PERSOAL

Artigo 41.- Son órganos competentes: o Pleno da Corporación, a Comisión **Municipal** Permanente e a Alcaldía, conforme á legalidade vixente.

Corresponderá ó Pleno da Corporación:

- a) A modificación (**previa remisión do expediente á Xunta de Galicia-Consellería de Xustiza e Interior- de acordo co disposto no artigo 6.a.3 do Decreto 27/1979 de 9 de xullo**) ou derogación deste Regulamento e a interpretación do mesmo.
- b) A aprobación dos pregos de condicións para a adxudicación mediante subhasta dos postos.
- c) **Impoñer as sancións derivadas de faltas graves ou moi graves, que leven aparelladas a caducidade da licenza.**


Corresponderá á Comisión Municipal Permanente:

- a) A adxudicación dos postos, así como a autorización de trasposos.
- b) **Impoñer as sancións derivadas de faltas graves, que non leven aparellada a caducidade da licenza.**

Será competencia da Alcaldía, que poderá exercela por si ou mediante delegación de funcións no Concelleiro encargado do Servizo:

- a) A superior inspección dos servizos do Mercado.
- b) A execución do previsto neste Regulamento e nos acordos do Pleno e da Comisión Municipal Permanente.

Artigo 51.- A inspección e exame dos alimentos que se expenden no Mercado, corresponderá ós Srs.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

Inspectores Veterinarios, quen a efectuaran pola súa propia iniciativa ou cando o dispoña a Alcaldía.

Artigo 61.- Os Srs. Inspectores Veterinarios estarán facultados para recoller mostras de artigos de consumo para o seu análise, así como para **decomisar** os que non se atopen nas debidas condicións, procedendo a súa inutilización.

Dos **decomisos** que se efectúen, darase conta á Alcaldía e, esta, ó Pleno, con proposta de imposición de sanción nos casos que proceda.


Artigo 71.- Será función da Inspección Veterinaria, o **contraseñado** das carnes, aves, caza e o visado dos peixes, queixos, etc., non podendo expenderse ó público ningunha que non fora sometida ó previo recoñecemento.

Artigo 81.- Será igualmente competencia dos Srs. Inspectores Veterinarios municipais, a periódica comprobación das condicións hixiénico-sanitarias dos locais e postos ocupados polos diversos concesionarios, salvo que, pola súa índole, sexan da competencia da Xefatura Local de Sanidade.

Artigo 91.- A Xefatura Local de Sanidade, pola súa parte, terá ó seu cargo o referente á vixilancia do cumprimento das normas sobre o control sanitario do persoal expendedor ou manipulador de alimentos, segundo as disposicións en vigor.

Artigo 101.- O funcionario municipal encargado do Mercado, terá **os seguintes deberes e obrigas:**

- a) Fiscalizar e inspeccionar constantemente o servizo, súas obras, instalacións e locais, de acordo co que prescribe o presente Regulamento e os acordos e instrucións que se lle comuniquen.
- b) **Efectuar**, sempre que o estime conveniente e polo menos unha vez ó mes, a comprobación das balanzas, pesas e medidas dos vendedores do Mercado.
Para que poda levar a cabo estas comprobacións, terá no seu poder unha balanza e as pesas e medidas controladas e garantidas polo **Servicio Territorial de Industria, da Consellería de Industria, Enerxía e Comercio da Xunta de Galicia**.
- c) Comunicar á Alcaldía, sempre que a importancia do caso o requira, tódalas deficiencias que observe no Mercado e todo o que suceda no mesmo, sexa da natureza que fora e que perturbe o seu normal e ordenado funcionamento, remitindo ó final de cada mes un resume das incidencias de toda clase habidas durante dito período.
- d) Efectuar a recadación por medio de tickets dos dereitos de ocupación fixados ós postos eventuais e, trimestralmente e por medio de recibos, o cobro dos dereitos dos postos fixos.
- e) Requirir o auxilio da Garda municipal ou, en casos graves, da Garda Civil ou Policía Nacional, cando se descaten as ordes municipais ou se produzan altercados, escándalos e outros actos que afecten o orde público.
- f) Auxiliar a inspección veterinaria nas súas funcións, sempre que fora requirido para elo, reclamando o seu dictame nos casos en que teña dubida da calidade dos xéneros destinados á venda. No caso de **decomisos** ordenados polo Sr. Veterinario, incautar a mercancía obxecto do **decomiso** e poñela a disposición da Alcaldía.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

- g) Vixiar que a entrada e saída de mercancías no Mercado e cámaras frigoríficas **se efectúe** dentro do horario sinalado.
- h) Coidar a apertura e peche do Mercado, **efectúandose** nas horas sinaladas.
- i) Dar conta ó Concello das vacantes de postos que concorran, cambio de destino dos mesmos, traspasos non autorizados, dos que non abran ó público, etc.
- g) Calquera outra función que lle corresponda con arranxo a este Regulamento ou se lle asigne polo Concello ou a Lexislación Xeral do Estado.

Artigo 111.- A Policía municipal e demais persoal non adscrito especificamente ós servizos do Mercado, colaborará, non obstante, cos mesmos na forma que se dispoña en cada momento pola Alcaldía.

CAPITULO III

RÉXIME E POLICÍA DO MERCADO

Artigo 121.- Fóra do recinto do Mercado, **permitirásese** a venda dos produtos do campo **cuxo cultivo se realice na Comarca**; tamén se poderán comercializar, fóra do recinto, produtos do campo foráneos e outros artigos, coa autorización e seguindo os criterios emanados pola Alcaldía.

Artigo 131.- O Mercado estará aberto ó público diariamente, nas horas que acorde a Comisión Municipal Permanente. Sempre que se crea conveniente introducir algunha variación en dito horario, farase público con oito días de anticipación.

Tamén sinalará a Comisión Municipal Permanente o horario de entrada de mercancías, unha vez oídos os vendedores fixos.


Artigo 141.- As pesas e medidas que usen os vendedores, **serán** as legalmente establecidas. Os vendedores estarán obrigados a usar balanzas colgantes de material inoxidable.

As operacións de pesar e medir efectuaranse sempre á vista do público e tódolos compradores terán dereito a facerse comprobar polo Encargado do Mercado o peso ou medida das mercancías adquiridas no mesmo.

Os vendedores non poderán opoñerse, baixo pretexto algún, ó recoñecemento dos seus postos respectivos e dos artigos que se expendan.

Artigo 151.- Queda prohibido no interior do Mercado:

- a) A permanencia nos postos fóra do horario establecido e a verificación de transaccións de calquera clase.
- b) Depositar froita, verduras ou artigos en mal estado e todo canto poida ser prexudicial para a saúde.
- c) Envolver as mercancías con papeis usados, de peso superior ó autorizado ou impresos.
- d) Guisar ou **encender** lume sen autorización.
- e) Anunciar gritando a venda, verter auga nos pasadizos ou rúas destinadas ó público, aínda que estea limpa.
- f) Entrar no Mercado con cans ou outros animais.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

- g) Privar a vista de un ou máis postos con caixóns ou outros obxectos.
- h) A venta ambulante de calquera clase.
- i) Vender artigos en mal estado e todo canto sexa prexudicial para a saúde.
- l) Depositar lixos ou desperdicios noutro lugar que non sexa o sinalado para tal fin, así como tirar sobre o pavimento do Mercado as augas empregadas na limpeza do posto ou no lavado de calquera clase de obxectos ou artigos.
- m) Calquera ave ou mamífero sacrificado, deberá entrar no Mercado desviscerado e desprovisto de desperdicios. A limpeza de desperdicios do peixe non poderá efectuarse, en ningún caso, nas bancadas. As peixerías poderán realizar tal labor, debendo para elo dispoñer das instalacións adecuadas e necesarias para dito mester, non podendo, en ningún caso, estar os despoños en contacto co medio ambiente.
- n) Tanto vendedores como usuarios, serán responsables directos dos danos ocasionados no Mercado.
- o) Ou calquera outra actividade que resulte prohibida pola Lexislación Xeral ou por este Regulamento.

Artigo 161.- Os postos do Mercado municipal adxudicaránse, unicamente, en réxime de concesión administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 62 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais, 115 do Regulamento de Servicios e o disposto neste Regulamento.

Artigo 171.- Serán de cargo dos concesionarios ou das persoas que legalmente se subrogaran no seu lugar, os gastos de conservación do posto, así como o pago do consumo de auga e luz.

Artigo 181.- As vacantes de postos no mercado adxudicaranse por subhasta, a cal se anunciará no Boletín Oficial da Provincia e nos Taboleiros de anuncios da Casa do Concello e do Mercado.

A concesión que se outorgue como resultado da subhasta, será por un prazo máximo de 25 anos, ao remate dos cales se non fose denunciada por ningunha das partes contratantes nos trinta días naturais anteriores á data de expiración prevista da concesión, entenderáse a mesma prorrogada por un período de cinco anos.


En ambos casos (é dicir, tanto se non hai prórroga como se a hai), o adxudicatario ou os seus herdeiros deberán abandonar o posto nun prazo non inferior aos 30 días naturais, a contar dende a expiración do remate da concesión.

Artigo 191.- Poderán concorrer á concesión todas aquelas persoas que non estean incapacitadas e sexan compatibles.

Artigo 201.- As obrigacións do rematante e, no seu caso, do concesionario, serán as sinaladas neste Regulamento, na Ordenanza Fiscal correspondente e no Prego de condicións que sirvan de base a subhasta.

Artigo 211.- No Prego de condicións da subhasta sinalarase o prazo dentro do que haberá de proceder a instalación e subseguinte apertura do posto.

Os concesionarios, ademais do pago por unha soa vez do importe da concesión, virán obrigados a satisfacer trimestralmente e por anticipado o canon que o Concello teña establecido ou



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

que posteriormente acorde polo disfrute do posto.

Artigo 221.- Os concesionarios poderán realizar obras de reforma e estruturación interior do posto, previa solicitude e autorización do Concello. As obras serán a cargo do mesmo e quedarán a beneficio do Concello.

Artigo 231.- A titularidade da concesión poderá variar como consecuencia de herencia ou traspaso, de acordo coas seguintes:

1. En caso do **falecemento** do concesionario, sucederalle en todos seus dereitos e obrigas dimanantes do contrato, seus herdeiros lexítimos que deberán poñerse de acordo en nomear de entre eles o que deberá ocupar provisionalmente o posto de venta ata tanto non se determine legalmente o sucesor. Si no prazo de dous meses non se produza acordo e non se abra o posto, o Concello poderá dispor a subhasta do mesmo, indemnizando ós herdeiros en proporción ó custo do canon satisfeito e ós anos que falten para caducar a concesión.

2. Os adxudicatarios ou concesionarios poderán traspasar estes, conservando o mesmo destino previa autorización da Corporación e pago do 10% do prezo de traspaso, salvo que a Ordenanza Fiscal sinala distinta contía, de acordo co seguinte procedemento: O interesado ou concesionario presentará instancia no Concello solicitando o traspaso. Anunciarase no B.O. da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e do Mercado polo prazo de quince días, debendo os interesados (oferentes) presentar no mesmo prazo instancia sinalando oferta económica.

O traspaso concederase á persoa que ofrezca maior cantidade, reúna as condicións sinaladas neste Regulamento e polo prazo que falte para completar a concesión ou prórroga, no seu caso.

A Corporación poderá exercer o dereito de tenteo no prazo de dous meses, no que deberá igualmente estar resolto o expediente.


Entendéndose, en tódolos casos de traspaso da concesión, que o adquirente se subroga nas condicións en que se encontraba o alleante no momento da transmisión.

Artigo 241.- Faltando menos de dous anos para a expiración do prazo da concesión ou da prórroga, no seu caso, para levar a cabo o traspaso, bastará que o concesionario o solicite do Concello, sinalando o prezo e os datos persoais do interesado, resolvéndose o expediente sen necesidade de publicidade algunha. Aplicándose nos demais aspectos o preceptuado no artigo 23º-2 deste Regulamento.

O mesmo procedemento será aplicable nos casos de postos vacantes cando falte para renovar as concesións menos de dous anos.

Artigo 251.- Os postos reverterán automaticamente no Concello ó término da concesión ou prórroga, tendo o concesionario que deixalo en iguais condicións en que o recibiu, sen dereito a indemnización por melloras, que quedarán a beneficio do Concello. Podendo retirar o usuario os bens mobles, máquinas e, en xeral, as instalacións que poidan retirarse sen menoscabo das instalacións fixas.

En orde ó réxime de concesión, en garantía da reversión, establécese que producida dita reversión polo transcurso do prazo ou por caducar a concesión por calquera outra causa, continuarán



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

no seu posto de venta tódolos adxudicatarios, en precario, mentres o Concello non efectúe a nova adxudicación dos referidos postos.

Artigo 261.- O Concello poderá levar a cabo en calquera momento o rescate de calquera posto, de acordo co procedemento e normas legais, abonando ó concesionario o canon na parte proporcional ós anos que falten para expirar a concesión, máis os correspondentes intereses legais da cantidade resultante.

O procedemento a utilizar neste caso, como en calquera outro caso en que o posto deba quedar vacante por expiración do prazo da concesión, caducidade, etc., será o de desafuzamento administrativo, sempre que o interesado non o faga voluntariamente.

Artigo 271.- Os postos deberán ser atendidos polo seu titular, o seu cónxuxe, os fillos do matrimonio, maiores ou menores de idade, mentres habiten no domicilio paterno e os familiares do concesionario ou da súa esposa que vivan baixo o mesmo teito e por persoal asalariado dado de alta na Seguridade Social, previa autorización municipal e xustificación documental.

Por causas moi graves (morte, enfermidade, accidente ou outras continxencias graves) poderán despachar ó público persoas distintas ás mencionadas, por un prazo de quince días, **debendo dar conta delo ó Concello**.


Artigo 281.- Os postos deberán abrir diariamente ó público, salvo por causas moi graves (morte, enfermidade, accidente u outras continxencias graves), **das que se dará conta ó Concello**, en que poderán permanecer pechados por un prazo non superior a quince días.

Tamén poderán permanecer pechados ó público de **forma escalonada** durante o ano a fin de evitar o desabastecemento do Mercado por disfrute de vacacións, con arranxo a un plan que deberá ser presentado no Concello polas Asociacións Profesionais representativas dous meses antes do comenzo das vacacións. O Pleno municipal acordará aprobar ou non dito plan coas modificacións que no seu caso procedan; neste último caso oírase novamente ós órganos sindicais por un prazo de quince días.

Artigo 291.- As concesións dos postos caducarán polas seguintes causas:

10. O peche durante un mes ou sesenta días alternos no prazo dun ano. **E** o abandono do posto durante seis (6) meses ou cento cincuenta días, no de toda a concesión.
20. Cando se varíe o destino do posto sen recabar ou obter a previa autorización municipal, ou tamén se realicen obras de estrutura sen previa autorización municipal.
30. Por falta de pago do canon durante dous trimestres consecutivos ou ingreso do mesmo con retraso reiterativo ou reincidente, en forma que supoña negligencia grave.
40. Haber arrendado ou traspasa-lo posto, o adxudicatario, en actos "inter vivos" ou "mortis causa", sen **recabar** ou obter a previa **licencia** municipal.
50. Por venta de artigos en malas condicións, fraude no peso ou calidade das mercancías; abuso no prezo das mesmas; venta de artigos non autorizados; falta reiterada de aseo; provocar rifas ou escándalos ou calquera feito análogo.

Para que proceda, nestes supostos, a caducidade, o concesionario deberá **haber sido** sancionado previamente, polo menos, tres veces polo mesmo feito dentro do término dun ano.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

60. Por calquera outra causa consignada neste Regulamento ou na Lexislación de Réxime Local que leve aparellada a caducidade.

A caducidade e a conseguinte rescisión do contrato levarase a cabo previa instrución do expediente con arranxo o procedemento legal en vigor.

A declaración de caducidade implicará a rescisión da concesión, sen dereito a percepción de indemnización algunha.

Artigo 301.- Queda prohibido nos postos de venta:

- a) Vender mercancías ou xéneros de clase algunha no exterior dos postos, escaleiras, corredores, etc., polo que cada adxudicatario se limitará a ocupar estrictamente o interior do posto.
- b) Realizar obras, por insignificantes que sexan, e introducir modificacións de calquera clase nos postos e dependencias do Mercado sen o correspondente permiso.
- c) Sacrificar nos postos do Mercado os animais destinados a súa venda e verificar en aqueles as operacións de desplumar ou pelado de coellos ou similares.
- d) Converter o posto en almacén de caixas baldeiras, sacos e demais material pertencente ó vendedor e que altere as características sanitarias do lugar.
- e) Calquera outra actividade prohibida neste Regulamento, pola lexislación xeral do Estado ou da Administración Local.
- f) Vender produtos distintos ós autorizados en cada posto.

Artigo 311.- Os postos deberán reunir as condicións hixiénico-sanitarias mínimas que se sinalan neste Regulamento e noutras disposicións legais en vigor.

Para garanti-lo cumprimento das prescricións da policía sanitaria, o adxudicatario facilitará o acceso do posto e o recoñecemento minucioso deste, sempre que sexa requirido para facelo polo Concelleiro-Delegado, Inspector Veterinario ou funcionarios [municipais](#).


CAPITULO IV

CÁMARAS FRIGORÍFICAS

Artigo 321.- Son de conta do Concello, os gastos de auga e mantemento das cámaras, por medio de persoal especializado; pero non responde dos danos que se puideran ocasionar na mercancía por falta de subministro eléctrico ou de auga non imputable ó Concello, ou por avarías de compresores mentres dure a reparación.

Artigo 331.- Serán de conta do usuario, os danos que este puidera ocasionar na obra ou instalación de que constan ditas cámaras.

Artigo 341.- Unha vez ó ano e por un prazo que non poderá exceder de quince días, poderá suspenderse o servizo das cámaras para dar lugar ó repaso de conservación das mesmas. Os usuarios desaloxarán as cámaras que estivesen ocupadas durante dito período. Ditas operacións, efectuaranse, a ser posible, no inverno e avisaráse ós usuarios do comenzo das mesmas con oito días de anticipación.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

Artigo 351.- Os compresores das cámaras traballarán nas horas que por razóns técnicas crea conveniente a dirección do servizo, ó obxecto de producir a temperatura precisa para a conservación das mercancías.

Artigo 361.- A apertura e peche da cámara para entrar ou extraer xénero, farase de acordo co horario establecido, que se colocará no taboleiro de anuncios.

Artigo 371.- Para efectuar calquera reparación que fose necesaria, o Garda do Mercado estará facultado para desaloxar os departamentos que foran precisos, en presenza do usuario e da persoa que poida designar o Sr. Alcalde; elo non dará dereito a reclamación algunha.

Artigo 381.- Será obriga do usuario ter o seu departamento en perfecto estado de limpeza e conservación, someténdose ó exame do Veterinario e Garda do Mercado, cando estes o crean conveniente.

Artigo 391.- Os xéneros, nas cámaras, deben estar depositados en forma que as pezas queden soltas unhas doutras, sen que se permita, baixo ningún concepto, amontoalas ou poñelas en maior cantidade do que a boa conservación permita, a criterio do Sr. Veterinario.

Artigo 401.- A Corporación poderá dar por rescindido o contrato de cámara e almacén sen dereito a reclamación algunha por parte do usuario nos seguintes casos:

- a) Por falta de pago.
- b) Por deterioro da súa cámara, do material, o por causar **perxuizos** a terceiro.
- c) Por realizar actos punibles no interior daquela, sen **prexuízo da** sanción a que houbera lugar.
- d) Por introducir xéneros avariados ou en estado de descomposición.
- e) Por contravir as disposicións da Autoridade.


Artigo 411.- A Corporación non contraerá responsabilidade por perdas, deterioro do xénero e outros danos resultantes de forza maior, por exemplo: incendio, falta de fluído, paro de máquinas por avaría e, en xeral, calquera suceso non proveniente do propio servizo ou dos seus empregados.

Artigo 421.- Queda terminantemente prohibido, no interior das cámaras, derramar auga ou líquido de clase algunha, fumar, etc.

CAPÍTULO VI

DOS VENDEDORES

Artigo 431.- Os concesionarios veñen obrigados a ocupar persoalmente o posto, séndolles permitido que poida ocupalo a súa esposa e fillos e demais familiares que vivan na súa compañía e reúnan as condicións reúnan neste Regulamento, ou con persoal asalariado.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)


Artigo 441.- O titular do posto será sempre e en todo caso, responsable das infraccións que no orde administrativo, civil ou penal se cometeren nos mesmos.

Artigo 451.- Os vendedores estarán obrigados:

- a) Usar durante as horas de venta unha bata de xénero branco ou color moi claro, observando o mais esmerado aseo e limpeza.
- b) Observar a máis exquisita limpeza na presentación e venta dos artigos do seu comercio.
- c) Expoñer á vista do público tódalas existencias de que dispoñan para ser destinadas á venta do día que permita a capacidade do posto.
- d) Usar boas formas e modais nas súas relacións entre sí, ó igual que co público e cos empregados municipais do Mercado.

Cando algún vendedor ou comprador se considere ofendido por algunha das persoas indicadas, sen **entablar** discusión, deberá poñelo en coñecemento do Encargado municipal e, se non se considerara suficientemente atendido por este, poderá participarllo ó Concelleiro Delegado do Servizo.

- e) Marcar toda mercancía co seu prezo e telo exposto á vista do comprador e público en xeral.
- f) Manter en bo estado de limpeza o posto, tanto no seu interior como no seu fronte.
- g) Ter suficiente subministro de tódolos produtos para os que teña autorizada súa venta.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

Artigo 461.- Toda persoa que conforme a este Regulamento estea autorizada para vender nos postos do Mercado, deberá presentar certificado médico negativo de padecer enfermidade infecto-contaxiosa; este certificado poderá ser esixido posteriormente cando se estime oportuno e incluso unha vez ó ano.

O Concello, previo expediente, no que se escoitará á parte interesada, poderá prohibir temporal ou definitivamente a actividade de vendedor a aquela persoa que ocasione reiteradamente pendencias ou disputas cos compradores ou demais vendedores.

CAPÍTULO VII

DOS COMPRADORES

Artigo 471.- Os compradores suxeitaranse ás disposicións deste Regulamento que lles afecten.

Virán obrigados especialmente a gardar o maior orde no edificio non provocando altercados, rifas nin escándalos e non tocarán as mercancías que estean expostas para a venta.

Terán dereito a facerse comprobar polo Encargado do Mercado o peso ou medida das mercancías adquiridas.

Poderán presentar denuncias en modelo impreso -que estará a disposición do Encargado do Mercado en cantidade suficiente-, de calquera deficiencia en cuanto á calidade, cantidade, etc., dos produtos adquiridos ou en calquera outro aspecto que afecte a seguridade, sanidade, hixiene, etc., dos postos, dos vendedores, prezos dos artigos e presentación dos mesmos, etc., etc.

CAPÍTULO VIII

INFRACCIÓNS E SANCIÓN


Artigo 481.- O cumprimento das disposicións contidas neste Regulamento poderá dar lugar á comisión de infraccións que se clasificarán en leves, graves e moi graves.

Artigo 491.- Clasificaranse como faltas leves, as seguintes:

- a) Venta de artigos en malas condicións, salvo que se puxese en perigo a saúde da persoa.
- b) Fraude no peso ou calidade dos produtos á venta.
- c) Falta de limpeza dos postos e zona de influencia e do aseo dos vendedores.
- d) Alteracións ilegais ou antirregulamentarias do prezo das mercancías.
- e) Venda de artigos non autorizados.
- f) Provocar rifas e escándalos.
- g) O abandono inxustificado do servizo durante tres días consecutivos ou seis alternos no prazo dun mes ou vinte días alternos no prazo dun ano.
- h) En xeral, a realización de calquera acto prohibido por este Regulamento ou por outras disposicións de carácter xeral e o incumprimento das obrigacións impostas, sempre que expresamente non se lle asigne outra cualificación.

Consideraranse faltas graves:

- a) A reiteración de falta leve da mesma natureza nun ano.
- b) A comisión da terceira falta leve nun ano.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

- c) A venda de artigos en malas condicións, con perigo para a saúde das persoas.
- d) A comisión de actos que alteren o orde interno do Mercado.
- e) A falta de pago dun trimestre.
- f) Realizar obras que afecten á estrutura do posto ou do edificio do Mercado sen previa autorización.
- g) O abandono inxustificado do servizo durante quince días, no prazo dun mes, ou durante dous meses, no prazo dun ano.

Serán faltas moi graves:

- a) A reiteración de faltas graves de calquera natureza nun ano; a dobre reiteración en cinco anos e a triple durante un período da concesión.
- b) O traspaso do posto sen ter a debida autorización.
- c) A comisión de actos que traian consigo unha alteración do orde público.
- d) A falta de pago do canon durante **dous** trimestres consecutivos.
- e) O abandono inxustificado do servizo durante un mes ou sesenta días alternos, no prazo dun ano. E o abandono do posto durante seis meses ou cento cincuenta días en toda a concesión.
- f) Variar o destino do posto sen obter previa autorización municipal.
- g) Non ter, habitualmente, suficiente subministro de produtos para os que teña autorizada a venda.

Artigo 501.- As faltas leves poderán ser castigadas con sanción pecuniaria entre 1.000 e 5.000 pesetas ou suspensión temporal da concesión de un a cinco días hábiles.

As faltas graves poderán ser castigadas con sanción pecuniaria **de 5.000 pesetas** ou con suspensión temporal da concesión de seis a vinte días hábiles.

As faltas moi graves, poderán ser castigadas ca suspensión temporal da concesión durante o prazo de un a seis meses ou ca caducidade do posto sen dereito a indemnización algunha nos casos previstos no artigo 29 deste Regulamento.

Artigo 511.- As sancións imporanse previa instrucción do oportuno expediente e con audiencia do interesado, salvo que a gravidade da infracción esixa a inmediata actuación da Autoridade, a reserva da posterior realización dos trámites ou imposición dos recursos que legalmente procedan.


CAPÍTULO IX

DISPOSICIÓN FINAIS

10.- En materia de prezos, conservación dos produtos alimenticios, indumentaria dos vendedores e outros aspectos non regulados neste Regulamento, estarase ó disposto na Lexislación Xeral do Estado **ou Autonómica**.

20.- Toda dubida na interpretación deste Regulamento, así como os casos non previstos nos seus artigos, serán resoltos polo Concello tendo en conta o disposto na Ordenanza Fiscal correspondente, Lei de Réxime Local e Regulamentos das mesmas, en canto se refire á competencia propia do Concello.

30.- Á entrada en vigor deste Regulamento, quedarán derrogadas a tódolos efectos, cantas



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

normas e acordos deste Concello, adoptadas con anterioridade, se opuxeran a este Regulamento.

40.- De acordo co previsto polo parágrafo 21 do artigo 71 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais de 17 de xuño de 1.955, este Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da data de publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

10.- Si en calquera tempo o Concello decidira o traslado a un novo emprazamento da Praza de Abastos, non terán dereito os concesionarios dos postos a esixir indemnización algunha polos gastos de traslado nin polo custo das novas instalacións. En dito suposto, a Corporación, previo sorteo entre os concesionarios ocupantes de posto de análoga natureza e destino no antigo Mercado, adjudicará outros novos, de similares características, no edificio que se inaugure, polo tempo que falta para a expiración da concesión.

2ª.- Resérvase na nova Praza de Abastos un posto a cada un dos ocupantes da Praza antiga; igualmente, a dous titulares de postos ou kioscos na vía pública, ubicados na zona próxima ó novo Mercado.

3ª.- A adjudicación dos postos arriba sinalados, faráse directamente, mediante sorteo en presenza dos interesados e da mesa formada polo Sr. Alcalde e Secretario, correspondendo ó Pleno da Corporación a aprobación definitiva.

As persoas que teñen dereito á adjudicación directa, determinaránse polo Pleno municipal.